

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 07.01.2016

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.05 h do 07.01.2016, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria urxente do 15.10.2015, da sesión ordinaria do 03.12.2015 e da sesión extraordinaria urxente do 17.12.2015

O alcalde fai as seguintes observacións respecto da acta do 15.10.2015:

- O título di: "10 de outubro de 2015", cando debía dicir: "15 de outubro de 2015."
- No punto segundo, no primeiro parágrafo, faise referencia á proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente por "5 votos a favor", cando debe dicir: "4 votos a favor".

Ao haber ningunha outra obxección, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria urxente do 15.10.2015 coas modificacións observadas, da sesión ordinaria do 03.12.2015 e da sesión extraordinaria urxente do 17.12.2015

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1416/2015 á 1515/2015

Os concelleiros danse por informados.

3. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

4. Rogos e preguntas

A continuación o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pregúntalle ao concelleiro e ao alcalde respecto da falta de organización do mercadoño, xa que houbo queixas, así non houbo luz en parte da carpa a mañá do domingo, o son foi defectuoso e tivo que facerse cargo del Protección

Civil, houbo queixas dos comerciantes e dos postos solidarios que estiveron descontentos e así llo fixeron chegar ao concelleiro encargado da organización do mercadiño que lles contestou que se non estaban de acordo que se fosen. Por isto preguntalle ao alcalde ¿é coñecedor destes fallos e descontentos? ¿fixo algo para solucionar estes problemas?.

Contéstalle o alcalde que si é coñecedor das queixas que houbo porque estivo no mercadiño e algunha xente lle deu as queixas. Neste caso o que fixo foi poñerse en contacto co concelleiro para que o resolvese e finalmente así foi.

Contéstalle o concelleiro delegado de Xuventude e Promoción Económica, César Daniel Castro García, que houbo dúas incidencias menores provocados pola chuvia, unha foi un corto no equipo de son e unha desconexión na iluminación básica que había na carpa. A repercusión foi que dende as 11.00 ata as 14.30 h non houbo son e respecto da luz non houbo ningunha repercusión porque foi de día. O problema veu dende unha persoa dun posto que solicitou que se solucionara o problema antes de que viñesen os profesionais para facelo e iso non é posible. O electricista municipal solucionou o problema do son e Permuy solucionou a iluminación. Engade que en absoluto lles dixo a ninguén que se fose se non estaba de acordo.

- Di que este luns non asistiu á Xunta de Voceiros, primeiro porque ao non haber puntos que tratar na orde do día pensou que non se realizaría e por outro lado, no seu goberno, había por costume non facer esta reunión no Pleno de xaneiro. Por iso pide desculpas pola súa non asistencia e lembra que a utilización da Xunta de Voceiros foi xeneralizada polo goberno anterior, xa que no goberno do bipartito en catro anos só houbo dúas sesións. Di que ao fin e ao cabo este órgano non está regulamentado pero si o están as comisións, por iso quere saber se o alcalde é consciente de que faltou á correspondente comisión o presidente da Comisión de Dinamización Social e o concelleiro de Servizos Sociais, e pregunta como é posible semellante desorganización, que ninguén soubese desas ausencias e incluso que quen substituíu ao presidente non sabía tampouco os motivos das ausencias.

Contéstalle o alcalde que houbo desculpas previas dos concelleiros o que pasou é que non se comentou na propia Comisión pero sabía que non podían asistir. O erro foi non comunicar e non desculpar a eses dous concelleiros.

- Sen prexuízo de que máis adiante pidan máis explicacións por escrito, quere saber o custe íntegro, partida por partida, da cabalgata de reis e roga que lle contesten por escrito.

- ¿É consciente o alcalde dos problemas de organización ou desorganización que houbo na cabalgata respecto da seguridade?. ¿Chamouse aos nenos para inscribirse e asistir á cabalgata cos reis magos como paxes?. ¿É certo que se lles fixo mercar aos nenos os disfraces?. ¿É certo que o concello mercou os traxes para o grupo de zumba que actuou na cabalgata?. ¿Houbo problemas no reparto de caramelos?. Por iso preguntalle ao alcalde se é consciente de todas esas deficiencias.

Contéstalle o alcalde que si é coñecedor das queixas que houbo porque estivo na cabalgata na súa saída e nos posteriores actos nos que se recibiu aos reis.

Contéstalle a concelleira delegada de Cultura e Ensino, Amalia García Balado, que á cabalgata invitouse á organización "Paso a Paso" e logo abriuse un prazo para inscribir aos nenos do concello que quixesen participar na cabalgata, se houbese máis de cincuenta nenos se faría un sorteo. Os nenos que se inscribiron no Concello foron quince. A organización "Paso a Paso" trouxo sesenta e catro nenos. Arranxouse para que todos os nenos puideran ir na cabalgata de xeito que solo os nenos que se apuntaron no Concello ían ir nas carrozas cos reis e o resto a pé lateralmente, esta idea causou un pouco de revuelo porque os pais pedían que fosen todos os nenos arriba ou todos abaixo. Finalmente realizouse outro plan por seguridade quedando todos os nenos na praza do Concello.

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, preguntalle se os nenos que se apuntaron no Concello non participaron no desfile. A concelleira Amalia García Balado dille que non participaron no desfile nin nas carrozas.

O alcalde di que ao final ningún neno foi na cabalgata, influído tamén polo tempo, non foron nin os nenos da organización "Paso a Paso" nin os que se apuntaron no Concello, quen foi na cabalgata foron os monitores que estaban contratados para coidar aos nenos.

A continuación a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, sinala que non tiña pensado facer ningunha pregunta logo de ver as inclemencias do tempo e a premura do goberno para solucionar os problemas, pero quere manifestar o seguinte:

- Respecto do mercadoño recibiu queixas no sentido de que se lle dixo a algún veciño que “se non che gusta o que estás vendo, vaite!”.

- Respecto das ausencias ás Comisións di que xa dixo no seu momento que o grupo municipal Somos Fene nin ía estar nin se lle ía esperar. Por iso pediu a súa dimisión no primeiro Pleno e por tanto non lle sorprende nada.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 18.22 h, de todo o que eu, como secretario accidental, dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Juventino José Trigo Rey

Fernando Aradas García